

## Obxectivos:

O Consello de Contas de Galicia, na súa condición de órgano estatutario de control externo da xestión económico-financeira do sector público de Galicia, ten tres funcións básicas: a de vixilancia (a máis coñecida de control da legalidade e regularidade contable), a de xeración de evidencias para a mellora da xestión pública desde o punto de vista da economía, eficacia e eficiencia do gasto e do ingreso público, pero tamén da súa sustentabilidade, e, finalmente, a de colaboración na prevención da fraude e o impulso de marcos de integridade na xestión pública.

Co obxecto de achegar os resultados desta tripla función no exercicio 2022 propóñense estas xornadas desde a Área de Corporacións Locais do Consello de Contas de Galicia desde o convencemento das sinerxías entre o control externo e o control interno, pero tamén do papel da primeira liña de defensa na xestión do sector público, a administración activa. En síntese, trátase de dar visibilidade ás posibilidades de mellora na xestión do público desde o control externo.

## Persoas destinatarias:

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración local de Galicia.

No caso de non se cubrir a totalidade das prazas convocadas, poderá acceder ás vacantes que resulten o persoal empregado público da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.

## Lugar de desenvolvemento:

EGAP. Rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

## Convocatoria:

DOG núm. 69, do 11 de abril de 2023.

## Información e matrícula:

Correo electrónico: [novas.egap@xunta.gal](mailto:novas.egap@xunta.gal)

Teléfonos: 981 54 62 39 – 981 54 62 41

Web: <https://egap.xunta.gal>

Inscripción: <https://egap.xunta.gal/matricula>

# ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Xornadas

## *O control externo local no exercicio 2022: balance práctico e recomendacións*

Santiago de Compostela, 20 e 21 de abril de 2023



ESCOLA GALEGA  
DE ADMINISTRACIÓN  
PÚBLICA



Consello de Contas  
de Galicia



Xoves, 20 de abril de 2023

MAÑÁ

11.30 h.: Inauguración .

12.00 h.: **Presentación do Consello de Contas de Galicia e as súas funcións na Área Local: A importancia da colaboración público-pública e o control externo.**

**Simón Rego Vilar.** Conselleiro do Consello de Contas.

13.30 h.: **Os produtos do Consello (I): Rendición de contas e legalidade do gasto e ingreso público. Recomendacións de mellora.**

**Juan José García Martínez.** Auditor. Xefe da Área de Corporacións Locais do Consello de Contas de Galicia.

**María Elvira Míguez Vázquez.** Técnica do Consello de Contas de Galicia.

TARDE

17.00h.: **Os produtos do Consello (II): Auditoría operativa, ciberseguridade e datos abertos. A prevención do fraude na xestión dos Fondos «Next Generation EU».**

**José Manuel Pumares Besteiro.** Auditor do Consello de Contas de Galicia.

**Domingo Guerra.** Técnico da Área de Corporacións Locais do Consello de Contas de Galicia.

Venres, 21 de abril de 2023

MAÑÁ

10.00 h.: **Prevención do fraude e corrupción na contratación pública mediante as tecnoloxías dixitais. Novas perspectivas: A auditoría de algoritmos.**

**Enrique Benítez Palma.** Ex conselleiro da Cámara de Contas de Andalucía e investigador do Instituto Universitario de Investigación Ortega e Gasset.

**Manuel J. García Rodríguez.** Data scientist en NTT Data. Investigador en contratación pública.

11:30 h.: Pausa.

12.00 h.: **A despoboación en Europa: diagnóstico e estratexias.**

**Serafín Pazos Vidal.** Senior Expert, Rural and Territorial Development at AEIDL (European association for innovation in local development).

**A despoboación e os informes dos organismos de control externo.**

**Santiago A. Martín Nájera.** Director de Fiscalización do Consello de Contas de Castela e León



NOTA:

Por motivos alleos á EGAP este programa pode sufrir algunha variación.

As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola:

<https://egap.xunta.gal/>